

Oitava entrega de *Madrygal*

Baixo a dirección de Carmen Mejía e de M^a J. Postigo chega unha nova entrega desta revista universitaria de periodicidade anual da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense madrileña baixo o título de *Madrygal*, confirmando deste xeito o seu asentamento entre as revistas de contido literario e lingüístico de noso.

Entre as numerosas colaboracións incluídas nas diversas seccións da revista –artigos, crónicas, creación, tradución, entrevista e recensións– e diante da imposibilidade de reproducir aquí a totalidade das colaboracións –todas marcadas pola perspectiva plural co que se enfocan os diversos asuntos e tamén as diferentes orientacións analíticas que naquelas se aplican– salientamos, tan só, algunhas das propostas das que cómpre dar conta por presentar un maior interese xeneralista.

Velaí, daquela, a rigorosa e documentada análise a cargo de Xesús Alonso Montero verbo do interese que suscitou a figura de Sancho Panza en varios po-


etas nos séculos XIX e XX, alén de recuperar creacións de autores galegos sobre asuntos cervantinos; Ana Acuña, pola súa parte, testemuña a amizade entre Xoán Vidal Martínez e X.M. Álvarez Blázquez exhumando a relación epistolar entre ambos os dous e, ao tempo, J. Expósito realiza un atinado estudo da obra poética de Xela Arias, alén de se incluir outra aproximación á figura e obra de Reimundo Patiño a cargo de X.L. Gutiérrez.

Fóra de colaboracións de cor te estritamente lingüístico, a cargo de Iolanda Galanes ou Soledad Ríos, ta-

Estudos galegos desde Madrid



RAMÓN NICOLÁS



mén me recen salientar- se diversos artigos como o de X.R. Mariño Ferro no que analiza polo miúdo o romance “A caza de Don

Celinos” ou o de V. Palomares verbo da poesía amorosa no poeta e crítico ferrolán Vicente Araguas.

Por último, fóra de reproducir unha conferencia ditada por Suso de Toro baixo o título de “A literatura como viaxe” e dúas entrevistas –a Inés Canosa e Xosé Fariña Jamardo respectivamente–, engádense unhas completas páxinas de reseñas e outras de creación, nas que se recollen propostas creativas de María do Ce breiro, X. Manuel Moo, María Reimón dez ou Gonzalo Navaza entre outros.

Parabéns, así pois, pola intensa andaina que vai percorrendo esta revista universitaria, decote atenta a asuntos de interese galego.

MEJÍA, C. e POSTIGO, M.J. (dirs.), *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, Univ. Complutense de Madrid, vol. 8, 2005, 200 páxinas.